

PREGUNTA DE AER RELATIVO A VAROS ASUNTOS. (Rex. Entrada 24.10.2017, 2017-E-RPLN-6).

PLENO 26 OUTUBRO DE 2017. ACTA 012/2017

3) Sobre tubos campo de San Pedro (Cesantes)

O pasado 19 de xuño un grupo de veciños de Cesantes presentaron rexistro (2017-E-RC-9050) no que solicitaban información sobre uns tubos grandes de poliéster que se deixaran no antigo campo de San Pedro en Cesantes. Nese rexistro preguntaban polos permisos dese depósito e solicitaban a súa retirada. Como non se lles contestou, a nosa Agrupación presentou un rexisto o 2 de outubro no que preguntábamnos polos trámites feitos polo Concello para quitar esas tubaxes e que trasladaran esa resposta á veciñanza que presentara a instancia. Ao pouco tempo recibimos chamada do Concelleiro Jesús Crespo onde se nos dixo de palabra que a asociación responsable dese vertido ía ter unha asemblea inminente onde aprobarían retirar eses tubos. Pasou o tempo e vendo que estamos a finais de outubro e o vertido aínda está no mesmo sitio, vendo dende o goberno local seguen sen contestar á veciñanza e vendo que seguen sen darnos unha resposta oficial,

Preguntamos no pleno: Que trámites e xestións ten levado a cabo ou vai realizar para a retirada deses tubos dese emprazamento?

sr. Crespo: o 2 de outubro presentastes un escrito e fixen unha chamada este mesmo día ao Conselleiro para darvos unha resposta. Son flotadores de batea, non son un verquido. Naquel terreo moitos veciños deixan pedras para facer muros, non sabedes como funcionan as comisións de festas. Isto o fixeron con boa intención de depositar eses flotadores de batea para retiralos. Tiñan un problema gordo e tiñan que tomar unha decisión. ¿Vos dirixistes nalgún momento á Comisión de Festas?

Tiven varias reunións coa Comisión de Festas, os técnicos de medio ambiente fórono visitar e non dixeron que fora tóxico. O retirarán estes días tan pronto poidan.